



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA CATORCE DE NOVEMBRO DO DOUS MIL OITO.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D. Celestino V. García Paz D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do catorce de novembro do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, e a do Interventor municipal, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS: ORDINARIA DO DÍA 22 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 17 DE OUTUBRO DE 2008.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntaselles aos Corporativos se teñen algunha observación ou aclaración que facer ás actas das sesións: ordinaria celebrada o día 22 de setembro, e extraordinaria do 17 de outubro do 2008.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos membros presentes (dezasete), acorda aprobar as ditas actas.

2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS, AÑO 2009.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, outórgase o uso da palabra ao Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor que da conta do dictame favorable emitido por



maioría pola Comisión Informativa de Economía e Facenda, celebrada o día 13 de novembro de 2008, indicando a seguir que, continuando coa liña de austeridade que pretendem manter, se fai a presente proposta. Que poderían actuar con demagogia pero van a seguir co incremento do 2,5% nas tarifas, agás no caso da subministración de auga e saneamento, que por motivo das condicións do contrato de concesión coa empresa “Aquagest, S.A.”, é polo que se incrementa nun porcentaxe superior, que é do 4,5%, tamén indica que consta no expediente, como é preceptivo, entre outros documentos, o informe dos Servizos Económicos.

A continuación intervén o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que di que o seu Grupo vai votar en contra, motivado no informe de Intervención en que, dada a situación de crise económica, desaceleración, ou como queiran chamar, e cando os ingresos do Concello son os mesmos Que nalgunhas ordenanzas, como a do I.B.I. non é certo que a suba sexa do 2,5%, que si é certo en canto ao tipo impositivo. Que é necesario aclarar que cando se paga un recibo do I.B.I. se aboa conforme a unha base do prezo da vivenda, e que aínda que se aprobe un incremento do 2,5% si este non actúa sobre a mesma base existente que vai sufrir incrementos por parte do Estado, suporía na realidade un incremento do 5,5%.

Continúa afirmando que noutros Concellos seguiron outras medidas, como son as de restrinxir os gastos ao prever que vai a haber menos ingresos, e que se deixen de termos relativos, pois as cantidades como as do recibo do I.B.I. e da Auga vánse a notar, e non é o 2,5% dito, senón o 5,5%.

A seguir intervén o concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta que di que vai votar a favor da proposta porque lle parece xusto e correcto que non se incremente por enriba do IPC. Que fixeron unha proposta na Comisión Informativa de Facenda, cara a valorar a posibilidade de gravar a instalación de caixeiros automáticos, e que se quedou de estudar.

Polo concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño anúnciase que vai votar a favor da proposta, e que de todas as maneiras no informe do Interventor se di que non van a chegar os cartos, pero non obstante contéplanse exencións como a do Conservatorio profesional de Música, polo que el formula esa demanda dende fai anos, xa que cómpre buscar fórmulas para recadar, tales como gravar as intalacións de telefonía móbil; insistiendo seguidamente nos servizos que se realizan polo Concello, e non se recada a prestación dos mesmos.

Continúa refiríndose aos casos de subministración de auga e recollida do lixo, lembrando que é un acordo plenario o que os adxudicou, e comprométese a traer ao Pleno a presión fiscal que soportaban os veciños de Viveiro no ano 2003 e no presente, indicando que a subministración da auga antes do ano 2003 en Viveiro era a máis custosa de Galicia; agradecendo ao PP que diga que é moita a suba no I.B.I., e que logo digan que hai que atender máis aos veciños; e pregunta que a que carta se quedan.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, contéstase ás intervencións indicando que antes do 2003 no concello de Viveiro se pagaba máis polos servizos citados que en Ourense. Concello que menciona por tratarse dun Goberno da mesma coor política que o de Viveiro na época. Continúa dicindo que o seu Goberno trata de ir a un desenvolvemento sostible. Que as oposicións de Interventor non dan dereito a gobernar, polo que pode opinar o que sexa. Agradece que non se solicite a conxelación salarial.

En canto á revisión do Catastro cre que a Viveiro lle correspondía no ano 2006, pero é un asunto do Goberno do Estado, e a quen representa el mesmo é ao Goberno Municipal, que aposta



por non facer caixa e facer futuro; agradecendo o apoio á modificación da ordenanzas aos concelleiros do B.N.G. e I.U.-E.U.

Neste intre o Voceiro do PS de G-PSOE, Sr. Fernández Amor, solicita intervir, xa que di que a súa quenda foi moi breve, e agradece igualmente o apoio do B.N.G., aínda que non crea que sexa porque no concello de Ribadeo o incremento é do 4,5%, indicando a seguir que nesta sesión non se leu o informe de Intervención, polo que el vai a proceder a ler as conclusións, que textualmente di: “.....debo declarar que la propuesta mencionada se adecua a la legalidad en cuanto no supone aumentos de las tasas y precios públicos municipales por encima del coste del servicio y tampoco supone la modificación de los impuestos municipales de forma contraria a la legalidad tributaria.”, e que tamén o dito informe corrobora “..... que ese incremento se encuentra por debajo del coste de prestación de los servicios municipales”.

Que el mesmo sabe o que da o Concello de Viveiro, e non pode ter unha suba maior, polo que non lle parece congruente a petición do Voceiro do PP, Sr. Leal, pois se non se incrementa non se pode recadar para máis gastos e servizos.

En contestación o Voceiro do PP dí que comprende as intervencións do Alcalde e do PS de G-PSOE, pero que os temas económicos teñen un despece, e que as cifras son cifras exactas, e que cando el mesmo facía os orzamentos do Concello, recortaba os gastos para adaptalos aos ingresos, e como proba se remite ás desviacións que había nos orzamentos, nos que el mesmo era concelleiro de Facenda. Que non lle importa que se lle den cifras no próximo Pleno, e se pregunta a continuación ¿Cómo lles vai dicir aos seus conveciños que no próximo ano se lles vaia facer un incremento bimensual ou trimestral por enriba do 2,5%? Que hai que prever o incremento estatal para que este non supoña unha suba maior que a porcentual que se sinala, e que hoxe en día a situación económica é moito máis preocupante que fai anos, e que si o concelleiro delegado de Facenda, Sr. Fernández Amor estivera no seu lado da tribuna opinaría o mesmo, polo que pide que se deixe sobre a mesa o asunto.

Polo concelleiro do BNG, Sr. Goás Basanta se sinala que, despois de tanto intercambio sobre as posicións, xa é difícil saber onde un ten que estar, e ratifica a súa conformidade á busca de fórmulas de recadación feitas polo concelleiro de IU-EU.

O concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño dí que é certo que o 2,5 % non é moito pero que de “os lodos de fai anos ven este fangos” e que estes incrementos que se veñen dando son en base á suba de fai anos que se fixo para a comodidade da Empresa que colleu o Servizo.

Finalmente o Sr. Alcalde afirma que ten razón o voceiro do PP no que dí que durante o seu mandato os ingresos sí serían esos, pero non os gastos; pois si non hoxe non tería o Concello as demandas xudiciais polas débedas e facturas impagadas de esa época.

Que polo que se refire ao seu goberno tamen quizás o teñan que sufrir se queren dar servizos aos cidadanos de Viveiro. Que se teñen que axustar os ingresos e os gastos terían que pechar o Conservatorio de Música de Viveiro. Que por tal motivo se solicitou á Xunta de Galicia se fixera cargo do seu sosteñemento económico.

Que houbo un Informe do Consello de Contas a raiz do Plan de Saneamento Financeiro que contradecía a existencia de superávit. Que o que entón gobernaba non conseguiu que a Xunta pagara a Depuradora, ao contrario que o sucedido noutros Concellos.

Que compañeiros seus e os Servizos Económicos lle dixeron que había que incrementar o porcentaxe da suba.

Agradece novamente ao BNG e IU-EU o seu apoio a esta proposta e non vai a caer na trampa de deixar sobre a Mesa o asunto, como sucedeu co Bipartito, para que logo non se podan aplicar as Ordenanzas porque non se publicaron antes da data de 1 de xaneiro.



Non se producen máis intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría de dez votos a favor (PS de G-PSOE, B.N.G e I.U.-E.U.), e 7 votos en contra (PP), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar, provisionalmente, a modificación das Ordenanzas Fiscais do ano 2009, segundo a proposta da Alcaldía, que textualmente di:

“PROPUESTA DE ALCALDÍA RELATIVA A LA MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCALES REGULADORAS DE IMPUESTOS, TASA Y PRECIOS PÚBLICOS PARA REGIR EN EL AÑO 2009:

De conformidad con lo establecido en el Texto Refundido de la Ley reguladora de Hacienda Locales (TRLRHL), aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, en el que se potencia la autonomía municipal al atribuir a los Ayuntamientos una cierta capacidad normativa y mayor margen de decisión, dentro de los límites definidos legalmente en materias fiscales (tipos impositivos, tarifas, bonificaciones e incentivos fiscales) , este Gobierno Municipal somete a la aprobación del Pleno de la Corporación una propuesta de modificación de las ordenanzas fiscales para el año 2009.

Por otra parte, y a tenor de lo regulado en el artículo 24.2 del TRLRHL, donde establece que *“el importe de las tasas por la prestación de un servicio o la realización de una actividad no podrán exceder, en su conjunto, del coste real o previsible del servicio o actividad de que se trate o, en su defecto, del valor de la prestación recibida, tomándose en consideración para la determinación de dicho importe, los costes directos e indirectos, inclusive los de carácter financiero, amortización del inmovilizado y demás necesarios para garantizar el mantenimiento y un desarrollo razonable del servicio por el que se exige la tasa”*, se consideran los estudios de costes para el incremento de las tasas de las ordenanzas 8 10 y 17.

Revisados los textos del 2008, las variaciones principales para el año 2009 son:

- a) En las ordenanzas reguladora de tasas y precios públicos en todas ellas se establecen una subida de tarifas del 2,5%, que corresponde al IPC previsto en el cuadro macroeconómico de los Presupuestos Generales del Estado para el año 2009, excepto para las ordenanzas nº 8 (saneamiento y depuración de aguas residuales) y 17 (distribución de agua), que subirán un 4,5%, que es el IPC interanual a septiembre tal y como se estipula en el contrato con Aquagest.
- b) En la O. Fiscal nº 1 reguladora del impuesto sobre bienes inmuebles se mantiene el tipo de gravamen máximo del 1,3% de los bienes de características especiales y se incrementa en un 2,5% los tipos de los bienes de naturaleza urbana y rústica, quedando éstos en los siguientes porcentajes:

TIPO DE BIEN	2008	2009
NATURALEZA URBANA	0,69%	0,707%
NATURALEZA RÚSTICA	0,81%	0,830%

- c) En la O.fiscal nº 2, del impuesto sobre construcciones, instalaciones y obras se incrementa también en un 2,5%, situándose los porcentajes en:

ICIO	2008	2009
TIPO DE GRAVAMEN	2,00%	2,050%



- d) En la O.fiscal nº 21, del impuesto sobre vehículos de tracción mecánica se incrementa el coeficiente un 2,5%, con el consiguiente aumento del mismo porcentaje en cuota.
- e) En la ordenanza nº 4, por la que se regula la tasa de expedición de documentos, en su artículo 8º epígrafe quinto se sustituye el concepto de “actividade clasificada” por el de “Avaliación de incidencia ambiental”, debido al cambio de denominación que refleja el Decreto 133/2008 de la Consellería de medio ambiente y desarrollo sostenible, de 12 de junio de 2008, por el que se regula la evaluación de la incidencia ambiental.
- f) En la ordenanza nº 6, por la que se regula la tasa por el otorgamiento de licencias de apertura de establecimientos, se suprime el apartado 3 del artículo 9, por estar en contradicción con el apartado 4 del artículo 7.
- g) En la ordenanza fiscal nº 27, reguladora de la tasa por la prestación de servicios de enseñanza en el conservatorio profesional de música de Viveiro y otras enseñanzas musicales, se realizan las siguientes modificaciones:
- ✓ En el art. 2 punto nº 2 se redactará: “Aula infantil y de adultos de música”.
 - ✓ En el art. 4 se añadirá el siguiente texto: “Cada mes o Presidente da Banda de Música notificará á Secretaría do Conservatorio as altas e baixas que se produzan, para así poider realizar as correspondentes regularizacións nos cobros.”
 - ✓ En el art. 6 de sustituirá el concepto “Grao Medio”, por “Grao profesional” por cambio de denominación.
 - ✓ En el art. 6 apartado B) la impartición de clases del gardo profesional, las tarifas se distribuirán en orden a los siguientes cursos:
 - Cursos 1º y 2º
 - Cursos 3º y 4º
 - Cursos 5º y 6ºYa no se distingue entre Piano y resto de especialidades en 1º y 2º pues ahora tienen las mismas asignaturas.
 - ✓ En el art. 6 apartado C) quedará redactado de la siguiente manera: “Proba de acceso ós distintos cursos de grao profesional y 2º, 3º y 4º de grao elemental.”

Señalar que las modificaciones de los apartados e), f) y g) no supondrán un mayor coste del servicio.”

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención, encargado da tramitación do expediente, para a súa exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días, ao termo dos cales, de non producirse reclamacións, producirase a entrada en vigor das ditas Ordenanzas Fiscais.

Igualmente dése traslado do acordo ao Técnico de Servizos Económicos.



3º.- PROPOSTA DE PAGAMENTO DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE CONFRARIAS DA SEMANA SANTA.

Polo Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, dáse conta de que hai un dictame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 13 de novembro de 2008, e cre que non haberá gran debate, xa que se amosaron todos os membros de dita Comisión a favor da proposta.

Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, indícase que o informe de Intervención que figura no expediente atópase sen asinar. Que o Convenio xa se aprobou polo Pleno, coa conformidade de todos os Grupos, xa que a Semana Santa ten un gran arraigo e importancia, non só dende o punto de vista relixioso ou histórico para Viveiro, senón tamén turístico.

O concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta sinala que había un acordo plenario e un Convenio do que restaba por aboar unha cantidade.

O concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño, dí que o que se trata é de dar validez a un acordo plenario e que se cumpra.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobado a proposta de pagamento de subvencións á Xunta de Confrarías da Semana Santa, que textualmente di:

“Proposta da Concellería de Facenda

HECHOS:

- 1) En sesión ordinaria, el Pleno de este Ayuntamiento aprobó el 15 de Marzo de 2007 ,entre otros puntos, un Convenio de colaboración con la Junta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro, cuya validez se extiende a los años 2007, 2008 y 2009.
- 2) En la cláusula primera de ese convenio se indica “..... *podérase anticipar un 50%..... ;sen necesidade de xustificación previa do gasto e sen constituir ningún tipo de garantía. Con ese fin se poderá tramitar unha transferencia de crédito entre a partida orzamentaria 45102.48900 e a partida 45102.48905. Nos anos seguintes podérase anticipar un máximo do 50% da subvención prevista para ese ano.*”
- 3) Que la cuantía para el año 2007 era 61.440 € , de los cuales se anticiparon 30.720 €, el 50% del total, por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 27 de marzo de 2007, quedando el resto pendiente de pago hasta su justificación documental y siempre y cuando hubiera crédito adecuado y suficiente.
- 4) En los presupuestos para 2008, aprobados por el Pleno de este Ayuntamiento el 29 de agosto del presente año, se consignaron 94.740 € en la partida 45102-48905 para atender la obligación contraída y no satisfecha con la Junta de Cofradías en 2007 (30.720 €) y la subvención que le corresponde según convenio en 2008 (64.020 €). En la Memoria e Informe Económico-Financiero de la Alcaldía, la cual es parte integrante del Presupuesto General aprobado, hace referencia a este hecho.



- 5) Con fecha 24 de septiembre de 2008 se recibe solicitud de abono de la cantidad restante del convenio para el año 2007, una vez realizados los trámites y comprobaciones que correspondan, registrada en el registro general con nº 6.529.
- 6) Que en el informe de servicios económicos, que se adjunta en esta propuesta, se comunica que la documentación justificativa de la subvención es formalmente correcta, pero que sólo justifican unos gastos de 60.006,09 €, por lo que la cantidad pendiente de pago es 29.386,09 €.

Por todo lo anterior, se propone al Pleno municipal, dado que el convenio tiene una estimación anual del gasto, modificar el convenio inicial añadiendo la siguiente cláusula:

“ DISPOSICIÓN ADICIONAL

Con cargo al Presupuesto municipal del ejercicio 2008, se atenderá aquella parte de la subvención cuya aprobación estaba prevista en 2007, pero que, dada la insuficiencia de crédito, no se pudo aprobar en su momento”

La partida a la que se aplicará el gasto de 29.386,09 € pendientes del convenio 2007 será la 45102-48905. Previo al pago la Tesorería municipal verificará que la entidad subvencionada no tiene deudas en vía ejecutiva con este Ayuntamiento.”

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención, así como ao Técnico de Servizos Económicos.

4º.- PROPOSTA DE PAGAMENTO DE SUBVENCIÓN Á ENTIDADE CASINO DE VIVEIRO-CLUB NÁUTICO.

Polo Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor dáse conta do dictame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda, celebrada o día 13 de novembro, indicando a seguir que se benefician os veciños de Viveiro que fixeron uso das actividades que se levaron a cabo nas instalacións do Casino.

Que existe unha modificación do Convenio que no seu día se asinou, e que consta do informe favorable de Intervención. Igualmente da as grazas ao Presidente do Casino de Viveiro pola súa dedicación na resolución do asunto, xa que esa entidade adebedaba o I.B.I. ao Concello dende fai anos, e que agora se vai a efectuar unha compensación de débedas, froito dun acordo.

O Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias manifesta a súa conformidade e pide se de a presteza suficiente por Intervención e á Alcaldía para facer efectivos esos importes.

O concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta maniféstase tamén favorable á proposta, e o concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño, volve a citar a débeda do I.B.I. do Casino de Viveiro dende o ano 1994, aínda que lembra que lle parece que a correspondente ao un ano en concreto se aboou. Neste intre o Voceiro do PP, Sr. Leal sinala que foi a do ano 1996; ao que engade o Voceiro do PS d G-PSOE que o Presidente do Casino daquela entregou a cantidade de 150.000 Ptas. ao Concello, e que dita cantidade gardouse na caixa forte polo persoal do Concello.



Antes de que se proceda a efectuar a votación o Sr. Alcalde fai un recoñecemento a Antonio González Cociña, Presidente do Casino de Viveiro, e o compromiso de colaboración do Concello con dita entidade, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de pagamento de subvencións á Entidade Casino de Viveiro-Club Náutico, que textualmente di:

“Proposta da Concellería de Facenda

HECHOS:

- 1) En sesión ordinaria, el Pleno de este Ayuntamiento aprobó el 15 de marzo de 2007 ,entre otros puntos, un Convenio de colaboración con la entidad Casino de Viveiro-Club náutico, cuya validez se extendía hasta el 31 de diciembre de 2007.
- 2) Que la cuantía para el año 2007 era 68.600 €. Se anticiparon 20.280 €, según acuerdos de la Junta de Gobierno Local de fechas 10 de mayo y 8 de agosto de 2007, quedando el resto, 48.320 €, pendiente de pago y siempre y cuando hubiera crédito adecuado y suficiente.
- 3) En los presupuestos para 2008, aprobados por el Pleno de este Ayuntamiento el 29 de agosto del presente año, se consignaron 48.320 € en la partida 45102-48906 para atender la obligación contraída y no satisfecha con la mencionada entidad. En la Memoria e Informe Económico-Financiero de la Alcaldía, la cual es parte integrante del Presupuesto General aprobado, hace referencia a este hecho.
- 4) Que según informan los servicios económicos se entregó la documentación justificativa de la subvención, así como de estar al corriente de pagos con la Hacienda Pública y la Seguridad Social.

Por todo lo anterior, se propone al Pleno, dado que el convenio tenía una validez anual, modificar el convenio inicial añadiendo una nueva cláusula con el siguiente contenido:

“DISPOSICIÓN ADICIONAL.

El presente convenio extenderá sus efectos al ejercicio 2008 para poder atender a la aprobación y pago de aquella parte de la subvención prevista en el 2007 y que no pudo ser aprobada por falta de crédito. Una vez aprobada la actual modificación, se podrá efectuar el pago de la cantidad pendiente (48.320 €) con cargo a la partida presupuestaria 45102-48906, una vez aportada la documentación justificativa del gasto realizado, de acuerdo con la normativa en vigor.”

Dicho pago se condiciona a la compensación de la deuda que tiene el Casino de Viveiro-Club Náutico, en el impuesto sobre bienes inmuebles, con el Ayuntamiento de Viveiro. Antes del abono se verificará por Tesorería que la entidad subvencionada no tiene deudas en vía ejecutiva con este Ayuntamiento.”

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención, así como ao Técnico de Servizos Económicos.



5º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA FACER FRONTE A GASTOS POR INCREMENTO DOS INTERESES DOS PRÉSTAMOS.

Polo Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor dáse conta do dictame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda, celebrada o día 13 de novembro, coa abstención do PP, indicando que como concelleiro de Facenda tivo un erro coa previsión consignada. Que hai un informe favorable de Intervención.

Aberta a quenda de intervencións prodúcese unicamente a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias que di que van a votar a favor, aínda que sexa a segunda modificación orzamentaria dende fai dous meses que se aprobou o orzamento.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria para facer fronte a gastos por incremento dos intereses dos préstamos, que textualmente di:

“MOCION DE ALCALDÍA

A lo largo del presente ejercicio, se han puesto de manifiesto necesidades que deben de hacerse frente a los largo del presente ejercicio presupuestario:

CONTAB	ENTIDAD	FECHAS		CAPITAL		VENCIM.	Tipos Efectivos	Cuotas rest.amortiz	CUOTAS 2008 INTERESES	
		FORMAL	CANCEL	PRESTADO	VIVO A 1-1-2008					
1714 CAIXANOVA PTMO 0509 0540000497 MIBOR 3 MESES +0,0375 +red alza 1/20 y con mínimo de 3,75 % y máx 8% n (años)= 3 carencia+12 liq trimestral, rev trimestral, CUOTA CTE. Dif 0,04000%		05/08/1997	05/05/2011	797.087,43	120.891,79	05/02/2008	4,70%	42	1.420,48	
						05/05/2008	4,45%	43	1.248,86	
						05/08/2008	4,90%	44	1.269,36	
						06/11/2008	5,05%	45	1.199,20	
						RECLAMAR ELIMINACION DEL REDONDEO Ellos dicen que es el 0,04 el diferencial y la referencia el Euribor				
1700 CAIXANOVA PTMO 0509 0540003034 Euribor a 1 año+0,07 +red alza 1/20 y con mínimo de 2,255 % y máx 8% n (años)= 2 años y un trimestre de carencia+10 liq trimestral, rev anual, CUOTA CTE. Dif 0,07000%		28/09/2001	31/12/2013	1.887.770,52	691.962,96	31/03/2008	4,75%	25	8.217,06	
						30/06/2008	4,75%	26	7.874,68	
						30/09/2008	4,75%	27	7.532,31	
						31/12/2008	5,50%	28	8.325,18	
						RECLAMAR ELIMINACION DEL REDONDEO Dijo que iba a eliminar redondeo				
1701 BANCO DE CREDITO LOCAL PTMO Nº 43861542 EURIBOR 360 DIAS+0,02 n (años)= 2 carencia+16 liq anual, rev. anual, cuota CTE Dif 0,02000%		24/08/2004	24/08/2024	5.000.000,00	5.000.000,00	CARENCIA 1ª CUOTA 24/08/2009				
						24/08/2008	5,35%	16	272.009,17	
						CUOTAS 2008				
								INTERESES		
					VIVO A 1-1-2008					
TOTALES					CONCELLO	5.812.854,75				309.096,30



Para la realización de dichos fines, es necesario el incremento del presupuesto de gastos, no existiendo consignación presupuestaria en la vinculación jurídica correspondiente, o bien porque el crédito existente es insuficiente y por los importes que se indican:

Partida	Descripción	Importe
011.310	INTERESES DE PRÉSTAMOS	1000 €

Los fondos necesarios para financiar esta operación se obtienen:

Con transferencia desde las partidas que a continuación se relacionan:

Partida	Descripción	Importe
111.22601	ATENCIONES PROTOCOLARIAS Y REPRESENTATIVAS. ÓRGANOS DE GOBIERNO.	1000 €

Las señaladas partidas corresponden a proyectos de gasto que, bien no es necesaria su ejecución, bien pueden ser reducidos sus importes dado que la evolución del ejercicio y la ejecución de los proyectos y partidas nos permiten disminuir los importes indicados sin perturbación o merma en el correspondiente servicio.

Por tanto, por la presente ordeno:

INCOAR el correspondiente expediente modificación de créditos mediante transferencia núm 80/2008 con el siguiente desglose:

Partidas que incrementa			Partidas que disminuyen		
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción	Importe
011.310	INTERESES DE PRÉSTAMOS	1000 €	111.22601	ATENCIONES PROTOCOLARIAS Y REPRESENTATIVAS. ÓRGANOS DE GOBIERNO.	1000 €

Incorpórese el informe de la Intervención municipal y todos aquellos informes que se estimen pertinentes y elévese al Pleno de la Corporación para su aprobación previo informe de la Comisión informativa correspondiente.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Expediente de modificación de créditos mediante transferencia núm 80/2008

1.- Legislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.
- Real Decreto 500/990, de 20 de abril, por el que se desarrolla la Ley Reguladora de las Haciendas Locales en materia presupuestaria.
- Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, de los Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Orden de 20 de septiembre de 1989 que establece la estructura de los presupuestos de las corporaciones locales.
- Bases de ejecución del Presupuesto para el ejercicio corriente.

2.- Órgano competente.

Pleno de la Corporación previo dictamen de la Comisión informativa correspondiente. Se aprueba con sujeción a los mismo trámites y requisitos que la aprobación del presupuesto.



3.- Informo.

De los antecedentes que posee esta intervención, se ha podido contrastar los datos aportados por la Alcaldía en su memoria y que justifican determinan la necesidad de la modificación presupuestaria.

Asimismo se ha comprobado que la baja o minoración de los de los créditos indicados no afecta a compromiso alguno de esta Corporación estando disponibles para la financiación del expediente sin que, a juicio de quien suscribe, implique perturbación en la prestación del servicio público.

Las transferencias de crédito no están sujeta a ninguna de las siguientes limitaciones:

- No afectan a los créditos ampliables ni a los extraordinarios concedidos durante el ejercicio.
- No minoran los créditos que hayan sido incrementados con suplementos o transferencias, salvo cuando afecten a créditos de personal, ni los créditos incorporados como consecuencia de remanentes no comprometidos procedentes de presupuestos cerrados.
- No incrementan créditos que, como consecuencia de otras transferencias, hayan sido objeto de minoración, salvo cuando afecten a créditos de personal.

Se adjunta asimismo el documento contable de retención de créditos para transferencias

Esta intervención informa favorablemente el expediente de modificación de créditos con el siguiente propuesta de acuerdo:

1.- APROBAR inicialmente el expediente de modificación de créditos núm 80/2008 correspondiente a transferencia de crédito entre partidas del presupuesto de gastos, con el siguiente desglose:

Partidas que incrementa			Partidas que disminuyen	
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción
011.310	INTERESES DE PRÉSTAMOS	1000 €	111.22601	ATENCIONES PROTOCOLARIAS Y REPRESENTATIVAS. ÓRGANOS DE GOBIERNO.

2.- EXPONER al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia, por espacio de 15 días el citado expediente, durante los cuales los interesados podrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno. Se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones.”

SEGUNDO.- Dar traslado ao Departamento de Intervención, encargado da tramitación do expediente, mediante a publicación do Edicto correspondente no Boletín Oficial da Provincial, entendiéndose definitivamente aprobado se non se presentaran reclamacións contra o mesmo.

Dáse traslado igualmente ao Técnico de Servizos Económicos.

6º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA PARA AFRONTAR OS GASTOS POR AXUDAS AOS AFECTADOS DO CELEIRIÑO.

Polo Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor dáse conta do dictame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda, celebrada o día 13 de novembro. Que o informe de Intervención é favorable. Igualmente agradece a todos os membros da Corporación o apoio ás medidas tomadas para solventar o problema do “Celeiriño”. Que esperan que a Xunta de Galicia se faga cargo destes gastos e se recupere o aboado polo Concello para as arcas municipais.



Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias indícase que todos os Grupos e Concelleiros desta Corporación se atopan de acordo con esta proposta. Finalmente pide que haxa unha presteza para executar este acordo.

Polo concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta resáltase o comportamento dos veciños do “Celeiriño” e di que vai votar a favor.

Polo concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño díse que todo o apoio que se dé a este asunto vai a ser pouco.

Finalmente o Sr. Alcalde-presidente manifesta que en todas as reunións que tiveron cos afectados se lles fixo patente o nivel cultural, que non quer dicir nivel educativo, que teñen os afectados, non como outros, di; e que dito comportamento, nesas circunstancias, cómpre sinalalo. Que toda a Corporación mantivo o seu apoio, pensando antes nos intereses dos veciños que nas siglas dos partidos aos que pertencen. Que esperan seguir mantendo a confianza dos veciños.

Vista a Moción da Alcaldía, así como o informe de Intervención, que textualmente din :

**“MOCION DE ALCALDÍA
2008/5/CELEI/1**

A lo largo del presente ejercicio, se han puesto de manifiesto necesidades que deben de hacerse frente a los largo del presente ejercicio presupuestario:

El día 29 de mayo de 2008 , mediante Decreto de Alcaldía, se estableció que el Ayuntamiento , con carácter excepcional , hará frente a los importes de los arrendamientos de una serie de vecinos obligados a desalojar sus viviendas a raíz de las obras de construcción de un edificio en la Rúa da Praia.

Siendo preciso la aprobación del correspondiente gasto , el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (RDL 2/2004), establece que la Fase O del gasto se realice en base a acuerdo sobre una cantidad exacta que permita determinar la existencia de crédito en el Presupuesto municipal y quienes son los destinatarios de ese gasto municipal.

Se entiende que el deber de hacer frente a los actuales gastos tiene su fundamento jurídico en el artículo 21.1.m) de la LBRL (Ley 7/1985). Debiendo dar cuenta inmediata al Pleno. La duración del actual gasto municipal tiene como límite la cuantía del crédito presupuestario municipal .

Para la realización de dichos fines, es necesario el incremento del presupuesto de gastos, no existiendo consignación presupuestaria en la vinculación jurídica correspondiente, o bien porque el crédito existente es insuficiente y por los importes que se indican:

Partida	Descripción	Importe
432.489	OTRAS TRANSFERENCIAS AFECTADOS DEL CELEIRIÑO.	12.327,95 €

Los fondos necesarios para financiar esta operación se obtienen:

Con transferencia desde las partidas que a continuación se relacionan:

Partida	Descripción	Importe
123.226	GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EJERCICIOS ANTERIORES .RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL.	12.327,95 €

Las señaladas partidas corresponden a proyectos de gasto que, bien no es necesaria su ejecución, bien pueden ser reducidos sus importes dado que la evolución del ejercicio y la ejecución de los proyectos y partidas nos permiten disminuir los importes indicados sin perturbación o merma en el correspondiente servicio.



Por tanto, por la presente ordeno:

INCOAR el correspondiente expediente modificación de créditos mediante transferencia núm 84/2008 con el siguiente desglose:

Partidas que incrementa		Importe	Partidas que disminuyen	
Partida	Descripción		Partida	Descripción
432.489	OTRAS TRANSFERENCIAS AFECTADOS DEL CELEIRIÑO.	12.327,95 €	123.226	GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EJERCICIOS ANTERIORES .RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL.

Incorpórese el informe de la Intervención municipal y todos aquellos informes que se estimen pertinentes y elévese al Pleno de la Corporación para su aprobación previo informe de la Comisión informativa correspondiente.

INFORME DE INTERVENCIÓN 2008/5/CELEI/1

Asunto: Expediente de modificación de créditos mediante transferencia núm 84/2008

1.- Legislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.
- Real Decreto 500/990, de 20 de abril, por el que se desarrolla la Ley Reguladora de las Haciendas Locales en materia presupuestaria.
- Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, de los Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Orden de 20 de septiembre de 1989 que establece la estructura de los presupuestos de las corporaciones locales.
- Bases de ejecución del Presupuesto para el ejercicio corriente.

2.- Órgano competente.

Pleno de la Corporación previo dictamen de la Comisión informativa correspondiente. Se aprueba con sujeción a los mismo trámites y requisitos que la probación del presupuesto.

3.- Informo.

De los antecedentes que posee esta intervención, se ha podido contrastar los datos aportados por la Alcaldía en su memoria y que justifican determinan la necesidad de la modificación presupuestaria. Este informe no se pronuncia sobre la legalidad en la ejecución del gasto , sólo sobre la tramitación presupuestaria.

Asimismo se ha comprobado que la baja o minoración de los de los créditos indicados no afecta a compromiso alguno de esta Corporación estando disponibles para la financiación del expediente sin que, a juicio de quien suscribe, implique perturbación en la prestación del servicio público.

Las transferencias de crédito no deben estar sujetas a ninguna de las siguientes limitaciones:

- a. No afectan a los créditos ampliables ni a los créditos extraordinarios concedidos durante el ejercicio.
- b. No minoran los créditos que hayan sido incrementados con suplementos o transferencias, salvo cuando afecten a créditos de personal, ni los créditos incorporados como consecuencia de remanentes no comprometidos procedentes de presupuestos cerrados.



- c. No incrementan créditos que, como consecuencia de otras transferencias, hayan sido objeto de minoración, salvo cuando afecten a créditos de personal.

Sí afecta a los créditos extraordinarios concedidos durante el ejercicio y a suplementos de crédito y transferencias concedidos durante el ejercicio, pero el artículo 41.2 del RD 500/1990 prevé que esa limitación no afectará a los programas de imprevistos como el que se deriva del derrumbe del Barrio del Celeiriño.

Esta intervención informa favorablemente, salvo opinión jurídica mejor fundamentada y con las observaciones anteriores sobre la excepción a las anteriores limitaciones, el expediente de modificación de créditos con el siguiente propuesta de acuerdo:

- 1.- APROBAR inicialmente el expediente de modificación de créditos núm 84/2008 correspondiente a transferencia de crédito entre partidas del presupuesto de gastos, con el siguiente desglose:

Partidas que incrementa		Importe	Partidas que disminuyen	
Partida	Descripción		Partida	Descripción
432.489	OTRAS TRANSFERENCIAS AFECTADOS DEL CELEIRIÑO.	12.327,95 €	123.226	GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EJERCICIOS ANTERIORES .RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL.

2.- EXPONER al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia, por espacio de 15 días el citado expediente, durante los cuales los interesados podrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno. Se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones.

3.- FACULTAR al Alcalde para la firma de cuantos documentos sean necesarios para la ejecución del presente acuerdo.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm 84/2008, correspondente á transferencia de crédito entre partidas do presuposto de gastos, con seguinte desglose:

Partidas que incrementa		Importe	Partidas que disminuyen	
Partida	Descripción		Partida	Descripción
432.489	OTRAS TRANSFERENCIAS AFECTADOS DEL CELEIRIÑO.	12.327,95 €	123.226	GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EJERCICIOS ANTERIORES. RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL.

SEGUNDO.- Expoñer ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por espacio de 15 días, o citado expediente, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a ejecución do presente acordo.

Dáse traslado igualmente ao Técnico de Servizos Económicos.



7º.- CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTAS E ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO DO PP.

1.- Fai uns dous meses a consecuencia dun accidente de tráfico un vehículo ocasionou desperfectos na balaustrada do paseo marítimo de fachada, concretamente fronte ós edificios “La Ría” e “A Variante”, ¿Para cando está prevista a súa reparación?, e ¿Quen vai proceder á mesma?.

- O Sr. Alcalde-presidente resposta que xa procedeu o Concello unha vez que a Compañía Aseguradora fixo efectivos os pagamentos.

2.- No mes de Xaneiro do exercicio en curso, na pista da Capela en Magazos executáronse as obras de alcantarillado para as vivendas de dito barrio coa promesa do goberno municipal de pavimentar a pista e acondicionala. ¿Para cando se prevé a súa reparación definitiva?

- Os Sr. Alcalde contesta que tivo que chegar o ano 2008 para que se remate a obra. Que se non se atopa unha empresa haberá que facela pola Deputación. O que ocorre e que queren facela en formigón.

3.- No Pleno do día 8 de Maio por parte deste grupo municipal preguntábaselle ó Sr. Alcalde sobre a casa coñecida como Casa de Calvo Sotelo. A súa resposta foi que se habían reunido cun dos socios da empresa, pois o seu titular había falecido. A data de hoxe todo continua como naquela data. ¿Cómo é posible que non se procederá de modo algún a tapar tan siquera a techumbre do inmovible para que non siga deteriorándose?, ¿Cales foron as xestións do goberno dende aquela?, ¿Vanse reanudar as obras de inmediato?, e ¿Para cando está prevista a súa finalización?.

- Polo Sr. Alcalde respóntase que houbo unha entrevista cun dos supostos herdeiros do adxudicatario. Que lle van a facer caso, e que neste momento propoñen requirir á empresa para o cumprimento do contrato.

4.- En Abril de 2005 o Ministerio de Medio Ambiente daba luz verde ó proxecto de remodelación do paseo marítimo de fachada de Covas, cunha inversión aproximada de 6 millóns de euros. O proxecto incluía a creación dunha área recreativa en Sacido. ¿Cando considera o Sr. Alcalde que se vai proceder a executar dito proxecto?.

- O Sr. Alcalde responde que este proxecto vai saír a licitación no ano 2009. Que inpugnose polo anterior Voceiro do PP. Di que os paneis das inversións de Costas atópanse no Concello.

5.- O Pleno da Corporación do día 13 de Agosto de 2007 aprobou por unanimidade a moción do BNG relativa ó proxecto da instalación de carpas móbiles, instando á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para a dotación desas infraestructuras, e como queira que dende o pasado 8 de Outubro de 2007 non tivemos noticias ó respecto, este grupo pregunta ¿Cales foron as xestións tanto por parte de Consellería de Comercio e do goberno municipal ó respecto?.

- Polo Sr. Alcalde contéstase que insistirán, pero supón que o recibiu no seu momento a entón Directora Xeral de Comercio.

6.- En Xaneiro de 2008, concretamente na sesión plenaria do día 28, por parte do Sr. Alcalde contestaba a unha moción presentada por este grupo sobor do muelle de Viveiro que o Servizo de Costas invertirá en dito proxecto 3.200.000 euros, e que xa estaban en marcha. ¿Xa se rescataron as concesións que faltaban dos galpóns?, ¿Para cando está previsto que comezen ditas obras de remodelación?



- O Sr. Alcalde responde que a redacción non se axusta á realidade, xa que foi unha iniciativa do Goberno Bipartito. Que o PP non presentou ningunha Moción pidindo a remodelación do Porto. Que neste momento soamente lles queda un propietario para o acordo do custo dos galpóns. Que conservarán a estrutura metálica de cerchas e vigas dun dos galpóns, construída en “Barro Chavín”, e que se atopa desmontada. Queren que unha vez que se volva a montar, en cerchas de madeira, sirva para centro socio-cultural.

7.- No proxecto do futuro novo albergue de Area necesitábase a xestión administrativa e económica cos donos particulares dos terreos que ocuparán as instalacións. ¿Cando se vai proceder a xestionar a compra de ditos terreos?, ¿Qué garantías ten o Concello que unha vez adquiridas ditas propiedades se vai a proceder á posterior aprobación do plan e proxecto sectorial para poder outorgar a correspondente licenza, tanto para a obra en sí como para a actividade?

- O Sr. Alcalde resposta que agora o verán os concelleiros e despois os veciños. Que son os paneis que mostran a obra, cun custo de nove millóns de euros. Que Vicepresidencia da Xunta ten o compromiso para que a propia Xunta adquira os terreos. Que é un complexo cun deseño que chama a atención en canto ao respecto ao medio ambiente.

8.- No tramo de frente ao pavillón “Antonio Tarrío” ata o pavillón municipal no paseo marítimo hai tres farolas que levan varios meses non só fundidas, senón que dúas xa non teñen a tulipa que cubre a bombilla, e a outra estaba a piques de caer a mesma con perigo que pode supoñer para os viandantes. ¿Cando teñen pensado arranxar as mesmas?

- O Sr. Alcalde di que se van arranxando nun tempo máis breve que o que tardou o PP en poñerlle a placa ao pavillón co nome de “Antonio Tarrío”.

9.- Seguindo falando de alumeado, o comezo do paseo frente á Opel, hai máis de seis meses existen dúas farolas na mesma situación que as anteriores. ¿Cando se vai proceder á súa reparación?

- O Sr. Alcalde resposta que isto pasa por non vixiar as obras públicas, que o pé das mesmas non se atopaba de acorde co proxecto.

10.- Dende o pasado verán estivo alumeando algunhas veces a nova iluminación de farolas que están encima dos balaustres do paseo marítimo de fachada. Xa deben de ir tres ou catro veces que as desmontan todas, e voltanas a poñer. ¿Podémos explicar a que se deben eses montaxes e desmontaxes?, e ¿Cando está prevista a súa instalación definitiva?

- O Sr. Alcalde di que non vai ir él a cambialas. Que deus as ordes precisas para que se repoñan. Que segundo as reciben, vannas repoñendo.

11.- No Pleno do pasado 23 de Xuño, o noso grupo municipal preguntaba sobre a data de remate das obras da calle Lavandeiras en Celeiro. A contestación por parte do Sr. Alcalde indicaba que a empresa adxudicataria solicitara unha prórroga ata o día de 10 de Agosto. Así mesmo na data 29 de setembro o rexidor saía na prensa dicindo que as obras rematarían nun prazo dunha semana. A data de hoxe aínda non remataron, e case non se ve movemento na mesma. ¿Pódenos informar o Sr. Alcalde como está a situación?, e así mesmo ¿Para cando se ten previsto que rematen definitivamente ditas obras?

- O Sr. Alcalde contesta que é unha obra que pedían os veciños de Celeiro dende fai 50 anos. Que se están ao tanto da Prensa, coñeceran que a empresa “Alcuba”, presentou suspensión de pagos e a Alcaldía tivo que falar cos subcontratistas que se comprometeron a rematalas.



12.- O tramo marítimo comprendido entre o muelle de Viveiro e o Casino, fronte á estación de autobuses presenta, cando é baixamar, un aspecto deplorable e con mal olor, sobor de todo á saída do río de San Francisco. ¿Dende o goberno municipal tense pensado actuar sobre dita zona? e ¿Cando?

- O Sr. Alcalde resposta que xa se actuou. Que algún dos que pregunta pode visitar a zona. Que fai tres meses que a empresa “Penela” derivou para que non saía a rede de sumidoiro que viña de San Francisco, recomendándolles que recuperen a capacidade olfativa.

ROGOS:

1.- Na calle Rego da Fonte de Celeiro, hai instalado un espello de seguridade vial, á altura da fonte. O seu deterioro impide a visibilidade que facilitaría as manobras de entrada e saída ó vial. ROGAMOS, a petición de veciños afectados, se proceda ó arranxo do mesmo.

- O Sr. Alcalde acepta a petición.

2.- ROGAMOS que, en cada obra que se adxudique, dende o Concello se esixa a restitución das arquetas de auga ou luz ó seu estado previo á execución das obras, pois os desniveis que en ocasións se xeneren constitúen un perigo para os peatóns ou ciclistas.

- O Sr. Alcalde non acepta o rogo polo que fixo o Goberno do PP na Avda. de Vilalba onde se atopan tapadas polo pavimento. Que eles intentarán que as tapas da rede de sumidoiro non queden ocultas polo pavimento.

8º.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENCIA DO TSXG, SECCIÓN 2ª, ESTIMANDO RECURSO DA XUNTA DE GALICIA CONTRA A DESESTIMACIÓN POLO CONCELLO DO REQUIRIMENTO DE ANULACIÓN DE ESTUDIO DE DETALLE DE “VIALMAR, S.L.”.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas sinálase que como os concelleiros dispoñen xa do texto da sentenza e coñecen o seu contido, soamente vai lembrar que os informes do enxeñeiro e do técnico a ese expediente eran favorables, aínda que o Grupo de Goberno consideraba que non se axustaba á normativa. Continúa dicindo que o Goberno municipal vai tratar o asunto nunha Comisión de Obras, pero non teñen intención de recorrer a sentenza; aínda, di, que o poderían facer baseándose nos informes que figuran no expediente.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación queda informada do asunto.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.